

A LÚA DE SANTIAGO

O 12 de agosto o tempo parou durante dous minutos. Nese intre, a vila de Santiago quedou en silencio, agardando o que tiña que vir. As campás da catedral deixaron de soar, os paxaros deixaron de piar nos piñeiros e o vento por un intre esqueceu soprar.

Foi entón cando Icíá apareceu cun vestido branco que brillaba como a lúa chea, e os seus ollos, dous puntos de luz na escuridade, fixaron a súa mirada na praza baleira. Un sorriso lixeiro cruzou os seus beizos cando viu a figura que a esperaba ao pé da fonte. Era un home vello coa barba branca e os ollos cheos de lembranzas, que estendeu a man e dixo cunha voz suave: "volviches, miña nena".

Icíá deu un paso á fronte, e outro, e outro, ata que os seus dedos tocaron os do home. "Avó", marmurou, e as bágoas comezaron a correr polas súas meixelas.

O tempo, entón, reiniciouse e as campás da catedral repenicaron de novo, os paxaros piaron nos piñeiros e o vento comezou a soprar outra vez, levando consigo o segredo que Icíá e o seu avó compartían.

Cecilia Costas Cortés - ESO